

O home, nin gordo nin fraco, nin novo nin vello, xurdiu da corrente revolta e algo fedenta do Miño, nunha explosión daquela espuma de orixe descoñecida de cor morada e aspecto esponxoso que cubría o río naqueles días, á altura do caneiro preferido dos bañistas lucenses se hai bo tempo. A noite quedaba tranquila, malia a lene friaxe, que por forza debía estar a notar: o seu corpo nu brillaba á luz da lúa chea. Rubiu axilmente ó caneiro, acadou a herba da ribeira e alí ficou, atoutiñado, coma dubidando sobre a dirección a escoller. Ó cabo dun pouco emprendeu devagar a marcha cara o centro da cidade.

Ía xa pola Aceña de Olga, co mesmo andar parsimonioso. A sétima persoa coa que se cruzou non se limitou a miralo pasar con abraio nin a saír correndo. A moza freou a súa carreira, pechoulle o paso, tirou os auriculares das orellas e colocoulle a man no peito, todo sen a menor brusquidade. "Debe prestar, sentir tan pouco o frío no inverno lugués", díxolle, alegre e sen malicia. Logo tirou a chaqueta do chándal húmida de suor e fíxolla vestir amodo. Turrou ben por ela para cubrirlle a entreperna, subiulle a cremalleira ata o queixelo, tomouno por un brazo e guiouno. El volveu ficar inmóbil daquela maneira, antes de consentir cun cabeceo caviloso.

Unha patrulla da Policía Local levouno á sección de urxencias do HULA, onde non lle atoparon dano relevante ningún. Semellaba sinxelamente desorientado. Deduciron que caera ou se botara ó río, pero non soubo ou non quixo dicir a ninguén nin como nin cando, nin quen era nin de onde viña. Calou coma un peto, aínda que os seus acenos faciais suxerían que entendía polo menos en parte as preguntas. Os policías levárono de volta a Sanfiz, máis por non deixalo alí ca por ter idea do proceder axeitado nestes casos. Metérono no coche de novo, vestido coa única prenda que lle

facilitaran no hospital para se tapar: un deses pixamas de usar e tirar. Ó chegar, xa toparon no recibidor coa moza que llelo trouxera. Ergueuse da cadeira e achegouse a eles co mesmo aceno paciente e divertido na cara, termando dunha bolsa chea de roupa de home.

-¿Que pensan facer con el? -preguntoulles.

Os policías miraron un para o outro.

-O voso xefe di que non hai problema. E mellor estará na miña casa ca aí abaixo -indicou co polgar por enriba do ombreiro-. Digo eu.

-A nós tanto nos ten, e ben sabemos que che consenten o que che peta. Pero non se comprende por que fas isto por un descoñecido.

-Porque meu señor pai está podre de cartos e, eu, a filla do Grande Empresario, saín boa samaritana pola falta de necesidade. É o que todo o mundo pensará.

-Como che saiba o vello que segues con estas ocorrencias, vaille facer boa gracia -dixo un dos policías, ignorando o seu sarcasmo.

-Ha de sabelo. Coma sempre, irédesllo contar vós. E conste que me importa un carallo, mais dito queda.

O outro policía, goso e de cabelo cinsento, faloulle con calma e certa preguiza:

-Muller, non hai que ser así. É que o que fas non é moi... normal. Coma aquel de cando o San Froilán, o que andaba dando voltas por onda o Fluvial coma can sen dono... Que che importaría a ti a súa vida? Que sabías del? Puido terche... Non ves que para ocuparse desa xente xa están... -deixou a frase en suspenso.

Ela botouse a rir.

-Acabas de explicalo perfectamente.

El chascou a lingua, impaciente, e abaneou a cabeza.



-Vale ben. Isto non é moi legal, pero vaia, ti mandas. Xa sabes que...

-Si, si, conforme... Tampouco imos fuxir a Groenlandia, verdade? -dixo ela cara o descoñecido entre os dous axentes, que se limitou a pregar o cello, confuso.

Nunha rúa recentemente remodelada, o home detívose a examinar un dos arboriños que formaban dúas reas, unha en cada marxe. O arboriño, coma os máis dos que se vían, estaba máis morto ca vivo. A moza deixoulle facer, indulxente. El anicouse, afundiou un dedo na terra e lambeu a xema. Ó momento, emitiu unha exclamación de noxo e buliu a limpalo contra os seus pantalóns novos, coma se o tivera metido no esterco. Ela ofreceulle un pano de papel.

-Auga salgada -explicoulle-. É relativamente frecuente. Alguén llela bota nas raíces. Algún neurótico sen nada mellor que facer na vida. Aquí hai quen non valora o verdor que absorbe o dióxido de carbono. Prefiren esas prazas espidas posmodernas coma a de San Marcos ou a da Horta do Seminario, con eses cubos de pedra que arden no verán e meten o frío nos ósos en inverno.

El seguía a refregar ensimesmado no dedo co pano de papel.

-Ou será desa xente amante dos praceres que devece polo olor da gasolina, calquera sabe...

El ergueu a ollada, estrañado. Ninguén vira pestanexar aqueles seus ollos, moi saíntes e dunha cor acuosa. Ela engurrou o nariz.

-Non me fagas caso. Toleadas miñas.

A moza vivía por tras do xardín de San Roque. O piso era pequeneiro, non máis de cincuenta metros cadrados, e en troques a disposición do mobiliario (de megatenda nórdica pero escollido con gusto máis ca aceptable) daba impresión de meirande

tamaño. As reproducións enmarcadas das paredes indicaban a súa predilección pola obra de Jackson Pollock.

-Hoxe vas durmir no meu cuarto -díxolle a el, que o observaba todo coma as vacas miran o tren-, mais antes, ducha e cea, e sen protestas! -engadiu, con xovialidade forzada e innecesaria, pois el nin se inmutara.

Deixoulle aberta a billa da auga quente e explicoulle como empregar o xel de baño. Os seus acenos xa perderan para entón toda énfase e calor. Faláballe ó descoñecido como un burócrata aborrecido lle fala ó enésimo solicitante dun documento. E algo curioso: cando el pasou por diante súa, achegóuselle moito, ata case tocarse. Ou, máis ben, achegou a el o nariz. E aspirou profundamente.

-Cheiras moito ó... peixe -murmurou, de xeito estraño.

Non falaron nada durante a cea, e non só porque el semellara incapaz de facelo. Tampouco ela abriu a boca máis ca para tomar pequenos petiscos de ensalada. Investiu o tempo entre un e outro en follear un mazo de folios encadernados en espiral. As páxinas que non contiñan texto amosaban fotografías de diversas especies de peixes, unhas, e de varias persoas, outras; destas últimas, unhas só de caras, outras de corpos enteiros, polo común nus.

Un par de horas despois conduciuno ó seu cuarto e preparoulle a cama. Asegurouse de deixar ben pechada a ventá, malia vivir no sobrado dun edificio de sete andares. A porta era peculiar por unha razón: presentaba pechadura polo lado de fóra. Pechouna con dobre volta de chave e adormeceu ó pouco no sofá, co televisor aceso.

Ás oito da mañá, a moza estaba de pé no centro da sala de estar, a boquexar e a flexionar o corpo en tódalas direccións. Por moito que odiara durmir en sofás, tiña que



facelo.

Despechou sen apenas ruído a porta do seu cuarto e achegouse á cama. Estaba baleira. As súas faccións contraéronse. Buscou coa ollada todo ó redor. Achegouse á ventá e *uliuna*. Parou un pouco a escoitar. De súpeto, anicouse e mirou debaixo da cama.

Alí, dándolle á cola sen moita forza no medio do po, había unha troita enorme, case metro e medio de longo. A moza ergueuna como se ergue un bebé do berce e foina pousar na bañeira, chea dun líquido escuro con olor coma ó formol. Colleu o teléfono e marcou un número.

-Papá? Temos outra.

-...

-Non, déixame falar. Ti non aprendes, verdade? Nunca aprenderás.

-...

-Que si, todo, todo! O mesmo cheiro a peixe e a esa porcallada que volvestes verter ó río aproveitando as chuvias destes días. Veu home e ó abrente era troita.

Coma os outros.

-...

-Xa sei que non as hai nesta parte do río. Quen sabe de onde saíu...

-...

-Si, está viva. Non por moito tempo, iso si.

-...

-Ti saberás. Cada día estou máis ata as cornas desta argallada, de que me chamen cada tanto para recoller un... *home* como se recolle un cadelo abandonado...

-...

-Érache boa, agora mesmo! Non pensarás que lla vou vender a un mesón?

-...

-Iso espero. Porque, como non me mandes ninguén, vai dereita ó sitio de onde veu. Avisado estás.

Colgou o teléfono. Pasou a man polos ollos, que pechou e abriu varias veces, e entrou no cuarto de baño.

De alí a media hora, unha furgoneta azul sen distintivo visible estacionou diante do seu portal. Saíron dela dous homes, timbraron no porteiro automático e pasaron. Ó pouco, volveron con algo rectangular de tamaño mediano, envolto en follas de xornal, cargárono con coidado na traseira e saíron escopeteados.

Torceron á dereita na rotonda da Campiña, deixaron atrás o poboado d'O Carqueixo. Seguindo unha pista mal asfaltada a través dun piñeiral, foron saír diante dunha nave industrial pintada de branco con aire máis de hangar de aviación ca doutra cousa. Baixaron o obxecto da furgoneta e pasaron entre as portas metálicas entreabertas.

O interior da nave era unha única estancia, ocupada na súa meirande parte por un tanque de aluminio cheo dun líquido escuro de olor semellante ó do formol. Operarios con funda de traballo azul ían e viñan en silencio en torno a el. A franxa lateral dereita da nave, acristalada, correspondía a oficinas. As outras tres lembraban ás galerías das prisións. Do chan ó teito, fileiras de celas de grosos barrotes prateados. Moitas tiñan a porta aberta, coma se non houbera tempo de pechala.

Os dous homes entregaron a un terceiro en traxe un impreso asinado e selado. O home revisouno, asentiu e volveu á zona de oficinas. Desenvolveron o obxecto, un pequeno acuario no que aboiaba, inerte no mesmo líquido escuro, a grande troita. E, sen máis, envorcaron o seu contido no tanque. O líquido escuro burbullou impetuoso en toda a súa superficie, para retornar á calma ó cabo duns segundos.